

**Concellaría de Bo Goberno, Transparencia e Participación Cidadá****Asunto: PROCESO PARTICIPATIVO ORDENANZA CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA**

Prezado/a veciño/a:

Diríxome a ti para darte a coñecer a posta en marcha dun proceso de participación dirixido a aprobar unha nova ordenanza municipal fronte á contaminación acústica.

Desde o goberno local e a concellaría de Bo Goberno queremos un Concello onde se respecten os principios básicos de convivencia e civismo e os dereitos se exerzan respectando os das demais persoas. Conciliar o dereito ao ocio e as actividades económicas ou industriais co dereito ao descanso e á saúde é un dos nosos obxectivos nun pobo onde existen problemas de convivencia, entre eles o ruído.

Para acadar ese obxectivo é preciso termos as ferramentas xurídicas imprescindibles que regulen a emisión de ruidos e vibracións garantindo o dereito ao descanso e á intimidade das persoas e establecendo as medidas correctoras e sancións cando as normas de convivencia nesta materia non se respectan.

A proposta inicial de ordenanza parte dun modelo aprobado pola Xunta de Galicia o pasado ano. **Queremos que nos deas a túa opinión e que fagas as túas suxestións para mellorar a norma e adaptala á realidade de Ponteareas. O proceso participativo estará aberto até o vindeiro 25 de outubro.**

Achegámosche con esta comunicación copia da proposta de ordenanza. Podes facernos chegar as túas suxestións a través de [participacioncidadada@pontearreas.gal](mailto:participacioncidadada@pontearreas.gal) ou por escrito no Rexistro do Concello dirixidas á Concellaría de Bo Goberno.

Sen máis, agardando contar coa túa colaboración recibe un cordial saúdo

**Roberto Mera Covas**

**Concelleiro de Bo Goberno, Transparencia e Participación Cidadá**